

MANUEL MARÍA cántalle ao poeta:

Xosé María Díaz Castro dos Villares  
co corazón aberto cara a vida  
escoito a túa voz estremecida  
por altos, misteriosos ensoñares.

A túa mensaxe, senlleira e alcendida,  
feita de abidueiras, nimbos e luares,  
renunciacios, lembranzas e pesares  
¡é colleita de amor, fonda ferida!

¡Ouh, palabra total; reigaña escura,  
terra humana, carnal e namorada;  
maravillosa luz, verdade amarga...!

Ti eres a nosa voz, sagrada e pura;  
a fala de Galiza eternizada:  
¡carballo da Terra Chá, rocha de Parga!

- Aos 25 anos da publicación de Nimbos.